

Gandario, 20 de agosto de 2020

Ola, Berta:

Escriboche esta carta para felicitarte polo teu aniversario. Espero que chegue xusto o día da túa festa. Xa fas oito anos! Que rápido pasa o tempo!

Hai unha semana que comezou o campamento e estouno pasando xenial. Os monitores son moi simpáticos e hai mozos e mozas de moitos lugares diferentes. Mesmo do estranxeiro! O mellor é que pasamos o tempo facendo deporte, indo de excursión e xogando a xogos divertidísimos.

Dentro deste sobre atoparás unha pulseira que aprendín a facer aquí. Utilicei as túas cores favoritas: vermello, lila e azul. Oxalá che guste!

Que tal todo polo Porriño? Que fixeches ti estes días?

Unha aperta moi grande do teu irmán maior,

Xan



1 Para que lle escribe Xan a Berta?

.....

2 Que relación teñen entre eles?

a) Son curmáns.

b) Son tío e sobriña.

c) Son irmáns.

3 Quen é maior, Berta ou Xan?

.....

4 Onde viven Xan e Berta?

.....

5 Por que Xan non está na casa?

.....

6 En que lugar está Xan?

.....

7 Que lle envía a Berta de agasallo?

.....

8 Por que utilizou o vermello, o lila e o azul?

.....

9 Que che parece a carta que Xan lle escribiu á súa irmá? Gustaríache recibir unha carta parecida?

.....

.....

.....

.....